

INNOVACIÓN

## OS SUPERORDENADORES DO CESGA, COS MATEMÁTICOS


GALICIA COLABORA NO PROXECTO I-MATH, QUE INVOLUCRA UNS 2.000 INVESTIGADORES DE TODA ESPAÑA

E.P. • Santiago

A Universidade de Cantabria (UC) acolleu onte a reunión para a constitución do Comité de Nodos do proxecto i-MATH, "o máis importante que tiveron nunca as matemáticas españolas" e no que participan o Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga) xunto cuns 340 grupos de investigación españois cun programa e obxectivos comúns: lograr que a investigación matemática sexa "máis aplicada, máis próxima ó tecido I+D e máis achegada ás necesidades sociais".

O proxecto i-MATH está xestionado pola universidade cántabra e desenvolverase entre os anos 2006 e 2011 cun financiamento de 7,5 millóns de euros, concedido dentro da primeira convocatoria de Consolider do Plan Nacional I+D+i.

Hai cinco nodos de supercomputación: o Cesga, o Centro de Investigación Matemática de Cataluña (CRM), o Centro Internacional de Encontros Matemáticos de Cantabria (CIEM), o Instituto de Matemática da Universidade de Barcelona (IMUB) e o Instituto de Ciencias Matemáticas de Madrid (ICMat), cuxos directores asistiron onte á reunión de constitución do Comité de Nodos, na Universidade de Cantabria. Nunha roda de prensa previa á reunión, o vicerreitor de



Xavier García Tobío, á esquerda, e o director xeral de I+D+i da Xunta, Salustiano Mato, están á fronte do Centro de Supercomputación de Galicia como director xerente e presidente do mesmo, respectivamente. En <http://mathematica.nodo.cesga.es> hai máis datos da participación galega en i-MATH. ● FOTO: RAMÓN ESCOBEDO

Extensión Universitaria e profesor da UC, Eduardo Casas, o vicerreitor de Investigación, José Carlos Gómez Sanz, o investigador e director do proxecto Enrique Zuazua e os responsables dos cinco nodos explicaron que este proxecto terá a vista posta na sociedade, que é cada vez "máis complexa, máis tecnolóxica" e, polo tanto, "máis matemática".

Entre os obxectivos do i-MATH atópase o de lograr "maior divulgación do que as matemáticas representan hoxe en día", e dentro de diferentes ramas, o proxecto pretende aproximarse especialmente

á supercomputación, pola súa importancia no século XXI, e despois de que antonte mesmo se constituíse a Rede Española de Supercomputación, un de cuxos centros base se atopa, tamén, na Universidade de Cantabria.

O proxecto conta co "apoio do 95% dos matemáticos españois" e nel participan preto de 2.000 investigadores de todo o país, para conseguir marcar "un antes e un despois" na investigación matemática. Segundo Zuazua quérese que "o investigar non sexa unha tarefa de titáns case imposible", grazas á posta

en marcha dunha rede coordinada para alcanzar obxectivos.

Na liña do traballo neste eido, do 26 ó 28 de marzo de 2007 celebrárase na Universidade de Santiago un Curso de Matemática Computacional: compilación, execución e optimización de programas.

E o próximo 12 de abril terá lugar no Paraninfo da Universidade da Coruña un foro de interacción entre universidades, empresas e institucións Matemáticas na Industria Biomédica MIB-2007. Sobre os dous eventos pode obterse máis información en [www.cesga.es](http://www.cesga.es). ●